


SUXERENCIAS PARA ADULTOS

Maldito karma

Autor: David Safier

Editorial: Seix Barral

Unha presentadora de televisión morre e reencárnase nunha formiga. Inicia un proceso de acumular bo karma para escalar na pirámide da evolución. Divertida novela sobre a importancia de valorar o que tes.



Mar de fuego

Autor: Chufo Lloréns

Editorial: Grijalvo

Este libro recrea unha época tumultuosa da Barcelona do Medievo sometida ás tensións da corte onde se maquina a sanguenta sucesión do conde Ramón Berenguer I. Namentres, o ilustre navieiro e posuidor dunha das maiores fortunas do condado, Martí Barbany, ten que facer fronte aos amores da súa filla moza por un nobre nunha época na que non estaba permitido saírse da clase social na que un nacera.



Indignádevos

Autor: Stéphane Hessel


Editorial: Kalandraka

O autor deste libro estase a converter na conciencia da nosa sociedade. Con 93 anos de idade, xudeo, nacido en Alemaña e nacionalizado francés, insta á mocidade a non quedarse indiferente ante a inxustiza que estamos a vivir nestes tempos.



FELICES VACACIONES!!

Suxerencias para verán




**2º CICLO DE
EDUCACIÓN PRIMARIA**

Bailar nas nubes

Autor: Vanina Starkoff

Editorial: Kalandraka

Este fermoso libro é unha reflexión sobre a convivencia, sexa a raza que sexa e a veciñanza. Se perseguimos os nosos soños con confianza, estes acábanse facendo realidade, porque non hai nada como a constancia.



Na punta do pé

Autor: Pesdelán

Editorial: Kalandraka

Un libro-cd-dvd que anima a aprender cancións, bailes e xogos do patrimonio tradicional galego e portugués dun xeito divertido e participativo. Disposto a recuperar a cultura participativa das festas, este curioso grupo pretende que o público -cativos e maiores- se poña a bailar.



La fea durmiente

Autor: Yanitzia Canetti

Editorial: Everest

E así foi que nun precioso Castelo naceu unha nena moi fea á que os seus pais puxeron de nome Dolores, pero chamábanlle Lolita. E é que os seus pais non a veían tan horrorosa.



Se os gatos levasen botas gobernarían as ras

Autor: Raquel Sáiz

Editorial: OQO Editora

Este é un libro sobre gatos condenados a calzarse, viúvas afeccionadas a moda, avalanchas de ratos, frautistas retirados, raíñas, princesas,... que conta a increíble (pero certa) historia de cómo as ras acabaron gobernando o mundo.



A abella abesullona

Autor: Manuel Janeiro

Editorial: Galaxia

Un libro sobre unha abella disposta a pasar á historia a base de preguntar e preguntar. Un becho fascinante, en definitiva. E uns personaxes engaiolantes que son quen de expresar toda a variedade que hai na natureza.



O tren

Autor: Silvia Santiroso

Editorial: OQO Editora

A pequena protagonista debe facer fronte á terrible perda da súa nai. O pai recorre a un relato para axudar a entender un feito tan doloroso como natural.

